Exp.:12572 -101

PREGO DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS PARTICULARES

EXPEDIENTE 12572-101 : CONTRATO DE PATROCINIO PUBLICITARIO PARA A "GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2015".

CLÁUSULA PRIMEIRA.- OBXECTO DO PPTP.

O obxecto do presente prego e definir as prescricións técnicas para a execución do contrato de patrocinio publicitario do evento "GRAN GALA DO DEPORTE DE VIGO E A SUA COMARCA 2015" (en adiante "Gala"). Dito evento será organizado polo "FARO DE VIGO, SAU" (en adiante "Patrocinado") e facilitará o Concello de Vigo (en adiante "Patrocinador") o desenvolvemento das acción de retorno publicitario do patrocinio recollidas neste prego.

CLAUSULA SEGUNDA.- ASPECTOS XERAIS DA "GALA":

A "Gala", un proxecto organizado polo "patrocinado", o cal ten por obxectivo premiar o labor e o traballo dos mellores deportistas masculinos e femininos, en función dos éxitos acadados ao longo do ano 2014 de acordo coas nominacións que para este "gala" se lle solicitan as mas de 50 Federacións Deportivas Galegas.

O recoñecemento deportivo abarcará o ámbito da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, xa que de forma xeral o desenrolo deportivo da cidade de Vigo ten un reflexo e unha acción directa coa propia dinámica do deporte nun ámbito local que neste caso ten unha implicación directa de deportistas dos municipios limítrofes, así pois as nominacións de deportistas abarca os municipios seguintes: Vigo, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Nigrán, Pazos de Borbén, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño e Soutomaior.

O "patrocinador" poderá difundir de maneira especial a súa colaboración directa na organización da "gala", e tamén se lle posibilitará o desenvolvemento de actos propios na "Gala" que lle permitirá ao "patrocinador" como expoñente deportivo, alcanzar e desfrutar dun alto grado de notoriedade no proxecto, así como tamén lle posibilitará resaltar a propia acción deportiva que se desenvolve na cidade de Vigo, como un dos valores de identidade da Cidade.

CLAUSULA SEGUNDA.- RECURSOS DE DIFUSIÓN E PROMOCIÓN INDIRECTA DA IMAXE DA "GALA" E DO "PATROCINADOR":

a.- O "patrocinador", executará as seguintes accións:

- Incorporación da imaxe do "patrocinador" na aplicación do logo da "Gala". (serán

incorporados os recursos de imaxe aportados polo "patrocinador").

- O "patrocinado" editara paxinas especiais no diario "Faro de Vigo" no ámbito da información deportiva. Estas paxinas especias deberán identificarse coa imaxe corporativa da "Gala". Estas paxinas especiais como mínimo atenderán os seguintes conceptos:

  - ✓ Especial de información da celebración da Gala .
  - ✓ Especial da información das resolucións do xurado da "Gala" anunciando os nominados.
  - ✓ Especial previo a celebración da "Gala"
  - ✓ Especial posterior a celebración da "Gala".

b.- O "Patrocinado", posibilitará a participación directa do "patrocinador" no desenvolvemento dos actos da "gala":

- Constitución dun xurado presidido por un representante do "patrocinador". Dito xurado encargarase de resolver as propostas para o mellor deportista home e muller de entre todos os nominados e nominadas, así como para tomar as decisións das distincións especiais.
- Participación do "patrocinador" a través dun representante do mesmo para a definición do guión e contido do acto da "gala".
- Incorporación dun discurso oficial do "patrocinador" no desenvolvemento do acto da Gala.
- Participación do "patrocinador" na entrega das distincións e nominación dos deportistas.

c.- Recursos xerais da desenvolvemento da "gala", asumidos polo "Patrocinado":

- Deseño da imaxina corporativa da "Gala" coa inclusión da "imaxe do "patrocinador". Esta imaxe se aplicará a todos os elementos necesarios para o desenvolvemento do proxecto; (papeleria, sobres, carteis, invitacións, paxinas especiais de difusión no "Faro de Vigo", etc). Cunha tirada mínima para posibilitar o envío de 1.500 invitacións.
- Organización dos actos do xurado da "Gala".
- Aportación de trofeos e diplomas para todos os nominados e premiados.
- Xestións para a reserva do lugar de celebración do acto (aforo mínimo 1.000 persoas).
- Decoración do lugar de celebración.
- Presentador, reunións xurado, megafonía azafatas.
- Catering para o final da gala (mínimo 1.000 persoas).

CLÁUSULA TERCEIRA.- REQUISITOS DA OFERTA TECNICA:

A oferta do licitador deberá conter a documentación técnica con suficiente grado de detalle sobre os seguintes aspectos:

- Proposta do guión de desenvolvemento da Gala.
- Proposta de premios para a Gala.

- Proposta detallada da cobertura nas paxinas do "Faro de Vigo", propostas para do desenvolvemento da información xeral da Gala.
- Proposta detallada do "Especial" a realizar posterior a Gala.

CLÁUSULA CUARTA.- APORTACIÓN DE RECURSOS DE COORDINACIÓN POR PARTE DO PATROCINADOR.

O "patrocinador" como actuación de coordinación das actuacións derivadas deste contrato de patrocinio publicitario, lle facilitará a través de recursos propios o "patrocinado" aquelas necesidades derivadas da coordinación dos actos protocolarios de atención as autoridades asistentes a "gala" e colaboración nos procesos de distincións os deportistas.

En relación as xestión de elección do lugar de celebración da "gala", o "patrocinado" lle propoñerá o "patrocinador" as posibles propostas para a celebración da "gala", e o "patrocinador" determinará a elección do mesmo co obxecto de garantir un correcto desenvolvemento da "gala". Neste proceso o "patrocinador" atenderá as necesidades específicas que considere oportunas para mellorar aspectos vinculados coa parte protocolaria que mellore as condición técnicas necesarias para a presentación e desenvolvemento dos actos públicos dos representantes do "patrocinador".

CLÁUSULA QUINTA.- RESPONSABILIDADES DO PATROCINADO.

O "patrocinado", asumirá a coordinación dos ámbitos de responsabilidades co titular do lugar de celebración da "gala" en relación o establecemento das normas de seguridade en relación o control de aforo, así como para o establecemento dos correspondentes plans de seguridade e evacuación. Así mesmo o "patrocinado" deberá contar cunha póliza de responsabilidade civil que cubra o obxecto da actividade "patrocinada" e de acordo cos importes mínimos determinados no PCAP.

CLÁUSULA SEXTA.- PERSOAL DE PRODUCIÓN DA "GALA".

O "patrocinado", designará unha persoa como "responsable técnico" da "gala". Esta persoa será o interlocutor válida ante o "patrocinador" para as cuestións de produción e organización relacionadas coa "Gala".

CLÁUSULA SETIMA.- DETERMINACIÓN DA DATA DE CELEBRACIÓN DA GALA.

O "patrocinado" propoñerá o "patrocinador" como mínimo dúas datas como alternativas para a celebración da "gala", dentro do prazo establecido no PCAP. Entre as datas propostas o "patrocinador" ten a obriga de elixir a que mellor se adecúe o obxecto da propia "gala", na cal se buscará que se corresponda cunha data que posibilite a máxima participación do mundo do deporte.

Vigo a 25 de febreiro de 2015

O Director Deportivo do IMD - Xefe
da Unidade Técnica

Jose Angel Otero Lamas